



Regulamento uso dos armariños do alumnado

(Aprobado en Consello Escolar o 14/10/2021)

O IES A Sardiñeira pon a disposición do alumnado un servizo de armariños para gardar os móbiles e outro obxectos persoais. Os armariños son propiedade do centro. O alumnado poderá facer uso dos mesmos respectando o actual regulamento, de forma gratuíta e temporal.

Os usuarios dos armarios e os seus representantes legais comprométese a cumprir dito regulamento:

1. O armariño será asignado polo titor/a do alumnado.
2. A asignación do armariño será durante un curso académico.
3. Cada alumno/a terá unha chave. A perda da chave implica o pago inmediato dunha copia da mesma.
4. O alumnado é o único responsable dos obxectos depositados nos armariños, incluíndo a desaparición ou perda dos mesmos.
5. Queda expresamente prohibido utilizar os armariños para gardar obxectos perigosos, nocivos para a saúde ou ilegais (chisqueiros, tabaco, bebidas alcohólicas,...).
6. Os alumnos/ as poderán acceder aos seus armariños á primeira hora da mañá (antes do comezo das clases), nos 5 primeiros e nos 5 últimos minutos do recreo, nos 5 minutos posteriores á última clase da mañá, nos 5 minutos anteriores á primeira clase da tarde, e ao finalizar a xornada escolar.
7. Non se poderá acceder aos armariños nos cambios de clase, nos cambios de aula, durante as clases, nin noutros momentos salvo os indicados. En ningún caso o acceso aos armariños será motivo para xustificar un atraso.



8. Os venres, ao final da xornada lectiva, os armariños deberán quedar baleiros e abertos para proceder a súa limpeza.
9. A Dirección do Centro se reserva a posibilidade de verificar o interior dos armariños, en presenza ou ausencia do alumno/a, de maneira periódica ou cando existan motivos que aconsellen devandito control.
10. No caso de que o alumno/a se vexa afectado nalgún incidente asociado á normativa sobre convivencia, o Centro poderá requirir ao devandito alumno/a para que abra o armariño.
11. Se non o fixer, solicitarase a presenza do pai/nai/titor/a, que estará obrigado en calquera caso a abrir os armariños; se non comparecese ou se negase á apertura solicitada, solicitarase a intervención policial.
12. A reincidencia en perdas da chave, o mal uso do armariño asignado, o descoido no mantemento do mesmo poderá carrexar a cancelación do dereito ao uso do mesmo; considerarase reincidencia 3 esquecementos ou perdas por trimestre.
13. Está expresamente prohibido abrir armariños dos compañeiros/as así como compartir ou facer uso dun armariño non asignado
14. Non está permitido modificar os armariños: debuxos, adhesivos, gravacións, ou similares, nin no exterior nin no interior, agás un autoadhesivo proporcionado polo centro no que figurará o nome completo, apelidos, curso e grupo do alumnado.
15. O alumnado que non utilice o armariño con responsabilidade e que, ao final do curso, tivera o mesmo golpeado ou estragado máis aló do que implica o desgaste diario poderá ser sancionado cos gastos de reparación ou coa adquisición dun novo armariño.